



Concello de Barro

INSTANCIAS FOGUEIRAS ÁMBITO PRIVADO

Seleccionar tipo de fogueira obxecto de solicitude (marcar)	
	FOGUEIRA DE SAN XOÁN (noite do 23 ao 24 de xuño).
	FOGUEIRA DE SAN PEDRO (noite do 28 ao 29 de xuño).

DATOS DA SOLICITUDE

Solicitante:	DNI:
Enderezo a efectos de notificación (lugar/rúa – Parroquia – Código postal):	Teléfono:
Enderezo da fogueira (lugar/rúa – Parroquia – Código postal):	Teléfono:
Enderezo electrónico:	Núm. Exp.: San Xoán 544/2025 San Pedro 545/2025

SOLICITA:

Autorización para a realización dunha fogueira de San Xoán / San Pedro segundo os datos máis arriba indicados, E COMPROMÉTESE a cumprir estritamente todas e cada unha das normas e condicións de seguridade.

NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA AS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN e SAN PEDRO

1. Presentación da correspondente comunicación.
2. Deberán situarse en zonas idóneas para estes fins. Non poderán realizarse en terreos que teñan natureza forestal, ou que estean preto deles ou de vexetación susceptible de propagar o lume (Art. 36 da Lei 3/2007, de 9 de abril), nin baixo o arboredo de parques e xardíns.

Concello de Barro



Concello de Barro

3. A distancia das fogueiras ás casas, árbores e demais obxectos será de 20 metros como mínimo. O diámetro máximo de zona de combustión da fogueira será de 4 metros de ancho cunha altura máxima de 2 metros. Non deberán situarse coches ou outros vehículos de tracción mecánica a menos da distancia mínima sinalada, nin por suposto, depósitos de combustible ou almacéns de substancias especialmente inflamables. Porase especial coidado de non situalas preto dunha zona forestal, nin baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, e ter conta de que nos arredores non haxan produtos inflamables.
4. Teranse a man mangueras, extintores ou cando menos, auga con capacidade para uns 20 caldeiros, e os correspondentes caldeiros.
5. Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, aceites ou calquera outra substancia que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays) aínda que estean baleiros. Tamén prohíbese facer fogueiras nas praias e preto de elementos que constitúen o patrimonio histórico, aos efectos de evitar calquera tipo de dano.
6. O fogo deberá ser pequeno nun primeiro momento botarase a leña progresivamente e nunca superarán unha dimensión tal que impida sufocalos coa suficiente rapidez cós medios precisados no apartado sétimo. 9) Disporase dunha pequena caixa de primeiros auxilios especialmente equipada para queimaduras.
7. Deberá de terse a debida precaución de non situarse no lado oposto ao vento.
8. As fogueiras quedarán completamente enterradas ou apagadas unha vez rematadas as celebracións.
9. A hora límite para rematar a celebración é as 04:00 horas da madrugada, de acordo co horario establecido pola Xunta de Galicia na Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Haberán de cumprirse ademais, as normativas sectoriais de ruído, lumes, horarios, etc.
10. A organización terá que acatar as normas ou instrucións que poidan ditar o concello ou as Forzas ou Corpos de Seguridade, Protección civil ou Bombeiros.
11. Ó remate da fogueira, e antes de abandonar o lugar desta, os/as responsable da organización coidaran que as cinzas queden totalmente apagadas, e procederán á limpeza inmediata do espazo autorizado.
12. Queda prohibida a tirada de fogos de artificio sen a preceptiva autorización.
13. En todos os casos, os/as solicitantes serán responsables directos dos danos que puideran ocasionar a terceiros.
14. En caso de emerxencia chamar ao 112 ou a Protección Civil do Concello de Barro, chamando ao teléfono 686938785.

Barro a _____ de xuño de _____

O/A INTERESADO/A

Asdo. _____

De acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, informámoslle que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuio responsable é o **CONCELLO DE BARRO**, con domicilio no lugar de San Antoniño, 11 – Perdecanaí (Pontevedra), onde poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso o de oposición dirixindo á

Concello de Barro

San Antoniño 11 -Perdecanaí, BARRO. 36194 (Pontevedra). Tfno. 986711002. Fax: 986711001



Concello de Barro

Secretaría mediante solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI.

Mediante a facilitación dos seus datos persoais autoriza expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación da súa solicitude polo Concello.

Así mesmo, informámoslle que os seus datos poderán ser comunicados ás administracións públicas competentes e a outros terceiros cando sexa estritamente necesario para a xestión da súa petición.

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE BARRO.

Concello de Barro

San Antoniño 11 -Perdecanaí, BARRO. 36194 (Pontevedra). Tfno. 986711002. Fax: 986711001